

COMUNICADO PECHE DO PARITORIO E URXENCIAS PEDIÁTRICAS DO HOSPITAL COMARCAL DE VERÍN.

Máis unha vez, reunímonos para mostrar o noso profundo rexeitamento fronte a medida tomada pola Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras de pechar o Paritorio e o Servizo de Atención de Urxencias Pediátricas do Hospital Comarcal de Verín.

O argumentario esgrimido polo Xerente, os Xefes de Servizo de Xinecología- Obstetricia e Pediatría, e refrendado por 44 profesionais e máis o Conselleiro de Sanidade e o Presidente da Xunta, responde, únicamente, ao desmantelamento da sanidade pública e do rural, baseado en criterios económicos e mala xestión dos recursos, co conseguinte recorte de dereitos sanitarios das futuras nais e das crianzas da Comarca de Verín.

Falan de evidencia científica pero esquecen mencionar a relativa ás prácticas que se realizan neses servizos, hoxe en día, con asiduidade, sen ter un nivel de evidencia alto e que poden ser perxudiciais para a saúde. Esquecen a diferenza entre urxencia e emerxencia, que o tempo é vital nesta última e que 40 minutos poden supoñer, para unha muller de parto ou unha crianza doente, a diferenza entre vivir ou morrer.

Falan de recomendacións de sociedades e organizacións nacionais e internacionais, pero esquecen que non son de obrigado cumprimento, por non falar de que a cifra dos 600 partos anuais é unha cifra de calidade de xestión, non de calidade de atención. É dicir, esquecen mencionar que o problema para garantir a seguridade, non é a capacidade ou pericia dos e das profesionais, senón a súa pésima e incompetente xestión.

Esquecen mencionar a falla de pediatras que existe na nosa provincia (nun momento no que hai 1.200 consultas de atención especializada pediátrica suspendidas), de que por sentenza xudicial, os facultativos especialistas están obrigados a cubrir as necesidades da área sanitaria, pero non queren cubrir as gardas nos hospitais comarcais, das pésimas condicións laborais que se ofrecen a eses profesionais, da sobrecarga do servizo...

A todo isto, hai que sumar a centralización estratéxica dos recursos sanitarios en áreas máis poboadas en detrimento das zonas rurais. Esquecen tamén a vulnerabilidade das familias en situación máis precaria que non posúen medio de transporte, que a rede viaria nesta provincia é deficiente e os transportes públicos limitadísimos.

Esquecen, en definitiva, que o rural existe e que as súas mulleres e crianzas teñen dereitos recollidos nas nosas leis e están a ser vulnerados pola propia administración.

Instamos ao goberno galego a asumir o compromiso de garantir os servizos e a calidade asistencial sanitaria sen perxuízo do noso xénero ou lugar de residencia.

Recortar os dereitos das mulleres é violencia.

Recortar os dereitos das crianzas é violencia.

VERÍN NON PECHA!!